



**RESOLUCIÓN DO 3 DE XULLO DE 2013 DA SECRETARIA XERAL DO MAR POLA  
QUE SE MODIFICA O PLAN DE XESTIÓN INTEGRAL DA RESERVA MARIÑA DE  
INTERESE PESQUEIRO( Remip) RÍA DE CEDEIRA INCLUINDO O APARTADO 2.3.5  
RELATIVO AO MAROLO (*Acanthocardia tuberculata*) COMO ESPECIE A  
EXPLOTAR NO ÁMBITO DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO “RÍA  
DE CEDEIRA”**

#### **Antecedentes**

O día 28 de decembro de 2012, a Secretaría Xeral do Mar aproba o Plan de Xestión Integral da Remip *Ría de Cedeira* para o ano 2013.

O punto 1.2.2 do Plan de Xestión establece o mecanismo para a súa modificación.

O Plan de Xestión recolle nos seus apartados 2.4.3.1, 2.4.3.3 e 2.4.3.4 as medidas de xestión para o berberecho, ameixa fina e caramuxo, respectivamente, no ámbito da Remip, sen que esté incluído o marolo (*Acanthocardium tuberculata*) como especie a explotar.

O día 26 de xuño de 2013 a confraría de pescadores de Cedeira solicita a inclusión do marolo entre as especies autorizadas a extraer na praia da Madalena (CL-097) ao abeiro do Plan de Xestión Integral aprobado para o ano 2013. Xunto con esta solicitude achégase o informe da asistencia técnica da confraría no que se expoñen as seguintes cuestións:

- Nas mostraxes realizadas, dende o ano 2007, na praia da Madalena nunca se detectou a presenza do marolo.
- No ano 2013, a campaña do berberecho transcorreu con normalidade ata o mes de abril no que comeza a observarse unha gran presenza de marolo na totalidade do areal que incrementa a medida que transcorren os meses. Como consecuencia disto leváronse a cabo prospeccións das que se pode concluír:
  - o Existe unha diminución da poboación de berberecho ao tempo que se observa un incremento do marolo que compite polo substrato;
  - o A abundancia relativa e a talla do marolo, que supera sobradamente o tamaño mínimo regulamentario establecido en 60 mm, xustifican a proposta de incluílo como especie a explotar e comercializar.

O día 27 de xuño de 2013, a secretaría do órgano de xestión, seguimento e control (Oxesco) remite aos vogais do órgano a solicitude da confraría de pescadores de Cedeira xunto co informe da asistencia técnica así como o informe elaborado polo biólogo de zona para que, segundo o establecido no punto 1.2.2 do Plan de Xestión Integral fixesen a súa valoración e deste xeito o órgano emisise o seu informe.



## Consideracións legais e técnicas

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira, (DOG núm. 33, do 17 de febreiro de 2009; corrección de erros do DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2009) establece no seu artigo 7 que as actividades pesqueiras e marisqueiras recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun Plan de Xestión Integral no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva. Este Plan de Xestión será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos logo do informe do órgano de xestión, seguimento e control da reserva.

O Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, modificado polo Decreto 131/2012, do 31 de maio, atribúelle á Secretaría Xeral do Mar a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura, entre outras.

O día 28 de decembro de 2012, a Secretaría Xeral do Mar aproba o Plan de Xestión Integral da Remip *Ría de Cedeira* para o ano 2013 en cuio punto 1.2.2 se establece o mecanismo para a modificación do Plan.

O día 27 de xuño de 2013, o biólogo de zona informa favorablemente a inclusión do marolo (*Acanthocardia tuberculata*) como especie a explotar na praia da Madalena ao abeiro do Plan de Xestión Integral.

O día 2 de xullo de 2013, o Oxesco informa favorablemente a inclusión do marolo como especie a explotar na praia da Madalena facendo consideracións.

Vistos os antecedentes e consideracións legais e técnicas, esta Secretaría Xeral, resolve,

**Modificar o Plan de Xestión Integral da Remip *Ría de Cedeira*, incluíndo o punto 2.4.3.5 relativo ao marolo (*Acanthocardia tuberculata*) como especie a explotar no ámbito da reserva mariña de interese pesqueiro “Ría de Cedeira” coas seguintes medidas de xestión:**

- Zonas de traballo: praia da Madalena (CL-097).
- Tamaño mínimo: 60 mm, medidos no seu eixo maior ou anteroposterior (LAP).
- Tope de captura autorizado: 20 kg/mariscadora/día.
- Período de captura autorizado: de xullo a decembro, cun máximo de 96 días.
  - o 17 días/mes de xullo, agosto e setembro.



- 10 días/mes de outubro a decembro. Se se producise un peche por biotoxina, o número de días nos que non se fixo extracción serán compensados autorizándose un máximo un máximo de 15 días/mes trala correspondente resolución de apertura. No caso de que as necesidades do mercado obligasen a cambiar a especie obxecto de extracción, o número de días será de 15 días/mes.
- Punto de control: casa do pescador.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de **un mes**, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Medio Rural e do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O secretario xeral do Mar

Juan Carlos Maneiro Cadillo